

## E / O **SEMIABERTAS OU SEMIPECHADAS**

### **Presentan no sistema máis común vogal tónica semiaberta**

- As vogais de abertura media que portan un **acento diacrítico**: vén, só, póla, óso, présa,...
- Os substantivos rematados en **-el** ou **-ol** e os seus **plurais**: papel, papeis, tonel, toneis, caracol, caracois, farol, farois.
- Os verbos da **2ª conxugación** (-er) con **vogal radical -e-** ou **-o-** que presentan alternancia vocálica, nas **2ª persoas do Pres. Ind.**: bebes, bebe, beben, comes, come, comen.
- Os verbos da **3ª conxugación** (-ir) con vogal **radical -e-** ou **-u-** que presentan alternancia vocálica, nas **2ª persoas do Pres. Ind.**: serves, serve, serven, foxes, foxe, foxen.
- As formas verbais do **tema de perfecto** (pretérito, antepretérito, pretérito de subxuntivo e futuro de subxuntivo) **irregular**: coubeches, coubera, coubese, couber...
- Os **nomes** das seguintes **letras**: e, efe, ele, eme, ene, eñe, erre, ese, o.

### **Presentan vogal tónica semipechada**

- Os verbos da **2ª conxugación** con vogal radical **-e-** ou **-o-** que presentan alternancia vocálica, na **1ª persoa do Pres. Ind., no Pres. Subx. e no Imperativo**: bebo, beba, bebas; como, coma, comas.
- As formas dos verbos da **1ª conxugación** nas que a vogal **-e-** ou **-o-** vai seguida de **-i-** ou de consoante palatal (grafías **x, ch, ll, ñ**) e nos verbos rematados en **-ear** ou **-oar**: Deite, axexa, pechas, tellan, empeña, coxean; loita, despexas, acocha, ollan, soñas, voas
- As formas do tema de **perfecto** dos verbos **ser e ir**: fomos, fora, fose, for.
- As formas verbais do tema de **perfecto regular**: collemos, collera, collese, coller.
- As formas do **infinitivo**: coller, collermos..., pór, pormos,...
- Os nomes das seguintes **letras**: be, ce, de, gue, pe, que, te, xe, ceta.
- A maior parte das palabras acabadas en **-és**: coruñés, vigués, montañés,...
- As palabras nas que **-o-** **forma ditongo con -u-**: touro, tesouro,...
- Os nomes acabados en: **-edo** (medo), **-ello** (cortello), **-eo** (feo), **-eza** (grandeza), **-ón** (corazón), **-or** (matador), **-oso** (fermoso).
- O "o" e o "e" cando están en posición **postónica** son sempre pechados: débeda, conde, morto, símbolo